



A transformación que non nos convén

A empresa dinos: “Vivamos la transformación” e a CIG di: os traballadores e traballadoras **non temos porque sufrir a transformación** nin temos nada que gañar con ela. A ninguén se lle escapa a estas alturas que a Dirección de Telefónica ten decidido, coa colaboración - por activa e por pasiva - de parte da representación sindical na empresa, introducir importantes transformacións tanto nas condicións laborais como salariais.

A externalización do mantemento en Planta Interna (en Planta Externa e Posvenda xa estaba subcontratado case ao 100%), a conversión da área de Empresas practicamente nunha área de xestión reestruturando á maioría dos seus traballadores operativos e a convocatoria de ABTC, nunhas condicións de falla de transparencia absoluta, pero sobre todo cunha concreción total das condicións nas que deben desenvolver o seu traballo, todos eles son movementos que inciden nesa transformación.

Desregular as condicións laborais, crear as condicións favorables para unha nova redución no cadro de persoal, incrementar as funcións de moitas categorías e liquidar o actual modelo salarial, son hoxe obxectivos centrais da empresa.

Na CIG queremos dicir as cousas como son: **esta empresa é o que é actualmente grazas aos traballadores**, os que xa non están e os que aínda estamos, non foi só o factor capital quen colocou a empresa na situación actual. Por iso, a Telefónica tamén é nosa, e por iso mesmo non podemos deixarnos convencer de que o mundo empezou onte, os traballadores non pintamos nada e que toda a decisión lle corresponde ao empresario; como tampouco podemos permitir que nos arrebatan o emprego e os dereitos como traballadores desta empresa, dereitos que temos conquistado e que ninguén nos regalou.

Sería un suicidio conformarnos con aceptar o que nos queiran dar os capitalistas que dirixen isto, que a cada paso é menos en relación ao que eles se levan e ao que a empresa é e dá de si. Non pode callar en nós a mensaxe da dirección de que a cada paso valemos menos e, polo tanto, debemos aceptar os recortes que nos propoñen.

A empresa pretende depender aínda menos dos traballadores propios, e aproveitar o mercado laboral, a día de hoxe tan precario, para substituírnos. Pretenden quedarse con todos os beneficios, dos que nós cada vez teríamos menos parte. E todo isto é consentido, cando non promovido e apoiado por algunhas organizacións sindicais, que non merecen ter este nome.

A transformación que pretende Telefónica **é claramente contraria aos nosos intereses** como traballadores e polo tanto debe ser contestada, con unidade de acción, de todas as áreas. Todos estamos afectados e todos somos claramente prexudicados pola estratexia da empresa. Para satisfacer as actuais demandas do mercado non son necesarios cambios nin nas condicións laborais nin nas salariais. Non é de recibo que a empresa utilice esta escusa para a liquidación do **Dereito ao Emprego Colectivo en Telefónica**.

Os traballadores de Telefónica, igual que todo o resto de traballadores, sómolo por necesidade, para obter os medios que nos permiten a subsistencia propia e das nosas familias. Ter garantido o emprego durante a nosa vida laboral é por tanto unha necesidade, esa garantía viranos facilitada polo mantemento do actual "Contrato Colectivo" e tamén da nosa disposición a defender esa aspiración humana e sindical, para o que os traballadores estamos moralmente lexitimados.

Como sabemos, este "**Emprego Colectivo en Telefónica**", está caracterizado por:

- Conceptos salariais consolidados crecentes ao longo da vida laboral ata a xubilación.
- Clasificación profesional: funcións e formación específicas e determinadas.
- Ordenación do tempo de traballo: xornada laboral ben regulada.
- Localización xeográfica consolidada do posto de traballo.

Neste proceso de transformación, a Negociación Permanente está a xogar na nosa contra, aínda así **debemos ser capaces de parar** o que durante a negociación do Convenio Colectivo non nos puideron imponer. A CIG acredita que, fronte á intención da empresa de individualizar as condicións laborais, os traballadores debemos facer uso da Negociación Colectiva, con organizacións sindicais que teñan como único obxectivo a defensa dos intereses colectivos dos traballadores.

Sendo así as cousas, os traballadores estamos obrigados a ser conscientes da realidade e actuar en consecuencia, sen buscar desculpas para defender os nosos intereses. O que está en xogo é moito máis do que hoxe nos poida mostrar a empresa nos seus discursos.

O Emprego Colectivo en Telefónica é innegociable!
**FRONTE A NEGOCIACIÓN PERMANENTE,
MOBILIZACIÓN PERMANENTE.**

A CIG sempre na defensa dos teus dereitos !!!

Compostela, 9 de febreiro de 2010